
COÑECENDO A NOSA VILA

Sinopse

*O proxecto **Coñecendo a Nosa Vila** facilita a atención á diversidade dun grupo de alumnos con necesidades especiais dun xeito normalizado. Centrándose no seu entorno, este alumnado vai desenvolvendo mediante o traballo por proxectos as competencias básicas de acordo ás súas capacidades ao mesmo tempo que participan nunha iniciativa curricular común co resto do alumnado do centro.*

NIVEL

ESO

Aula Específica

M^a Josefa Lorenzo Torea

IES Campo de San Alberto

Categoría 2


Modalidade C

Atención á diversidade

ÍNDICE XERAL

INTRODUCCIÓN	3
XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CENTRO	6
XUSTIFICACIÓN BASEADA NAS CARACTERÍSTICAS DOS ALUMNOS. ...	6
AVALIACIÓN INICIAL	6
PRINCIPIOS EDUCATIVOS E DIDÁCTICOS	9
FUNDAMENTACIÓN CURRICULAR.....	11
1. COMPETENCIAS BÁSICAS	11
2. OBXECTIVOS.....	14
OBXECTIVOS XERAIS	14
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO	14
3. CONTIDOS.....	16
O XORNAL	16
PERSONAXES IMPORTANTES	17
PRINCIPAIS MONUMENTOS HISTÓRICO ARTÍSTICOS	19
ESCULTURAS	19
EDIFICIOS CIVÍS	19
AS ÁRBORES DA ALAMEDA DE NOIA	20
OS PAXAROS MÁIS ABUNDANTES EN NOIA.....	20
ACCIÓNS DE ACORDO CO PLAN LECTOR DO CENTRO	21
ACCIÓNS DE ACORDO CO PLAN TIC DO CENTRO	22
METODOLOXÍA.....	23
PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.....	23
ACTIVIDADES CO XORNAL.....	23
ACTIVIDADES DISEÑADAS PARA O 1º NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR	24
ACTIVIDADES DESEÑADAS PARA O 2º NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR	24
ACTIVIDADES DESEÑADAS PARA O 3º NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR	25
ACTIVIDADES TIC.....	26
ACTIVIDADES EXPERIENCIAIS	27

RECURSOS ORGANIZATIVOS.....	28
RECURSOS HUMANOS	28
RECURSOS MATERIAIS.....	28
RECURSOS ESPACIAIS	28
AVALIACIÓN.....	29
CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	29
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	29
TEMPORALIZACIÓN.....	30
VALORACIÓN FINAL. INCIDENCIA NA PRÁCTICA EDUCATIVA.....	31
RELACIÓN DE NOTICIAS DE NOIA POR SEMANA DE PUBLICACIÓN.....	34
RELACIÓN DE ACTIVIDADES CO XORNAL NA AULA.....	35



INTRODUCCIÓN

O proxecto *Coñecendo a Nosa Vila* nace ca intención de dotar de sentido funcional as aprendizaxes dos alumnos e alumnas da Aula Específica e facilitar a integración no instituto colaborando nun proxecto no que participan alumnado de tódolos niveis.

Buscamos que as aprendizaxes que acaden lles sexan útiles en dous sentidos: por unha parte que lles faciliten a integración social, coñecendo os espazos habituais de convivencia, fomentando a mobilidade autónoma e a comunicación cas persoas do seu contorno e, por outro, que sexan aprendizaxes de desenvolvemento persoal e disfrute, no sentido de poder disfrutar e apreciar a beleza e benestar que proporcionan determinados elementos da paisaxe, tendo en conta a idea de que só se aprecia aquilo que se coñece. Non é o mesmo un paseo pola alameda sabendo os nomes das árbores e os cambios que sofren ao longo das estacións, fixándonos se teñen ou non flor, detectando en que momento se atopan, que un paseo no que se nos escapan todas estas apreciacións. Igual que



La Voz de Galicia convértese nun verdadeiro “libro de texto” na práctica diaria. / C. L.

para calquera persoa, coñecer as cousas enriquecéonos a existencia e dota de sentido ás accións máis sinxelas da vida.

Neste proxecto usamos como “libro de texto” tanto o xornal coma a propia vila, á que saímos tódolos xoves a recoller información, ben a través de facer entrevistas a persoaxes relevantes coma o alcalde ou Angelita das empanadas ou ben a recoller material fotográfico das árbores ou monumentos que logo nos permita seguir traballando na aula os contidos.

É un proxecto integral, no sentido de que desenvolve as competencias básicas na súa totalidade no grao en que o permitan as posibilidades e condicións de cada alumno e alumna. Está organizado a través de traballo cooperativo, asumindo funcións e responsabilidades de diferentes graos pero sempre sentíndose partícipe dun traballo común.

As producións derivadas do proxecto *Coñecendo a Nosa Vila*, entrevistas e debuxos, quedan integradas no proxecto de elaboración da revista do instituto, *Entrepontes*, publicación na que colaboran a través dos traballos derivados deste proxecto.

Usamos o xornal como eixe vertebrador das actividades, tanto para coñecer a nosa vila como para saber manexalo e buscar a información que nos interese. É un elemento normalizador que ademais nos **permite atender a diversidade facilmente**, organizando actividades de diferentes graos de dificultade.

Sinalar tamén que os alumnos e alumnas de Educación Especial beneficianse dun xeito importante das novas tecnoloxías debido a que estas inciden directamente no desenvolvemento cognitivo a través de tarefas de recordo, atención e memoria. O blog de aula, ademais de ser moi atractivo para eles, permitiunos establecer unha comunicación cas familias dificilmente imaxinable hai poucos anos. As familias dos nosos alumnos son as primeiras admiradoras do blog, permitíndolle facer un seguimento do traballo que están a realizar os seus fillos e fillas en cada momento.

Este proxecto, tal como está concibido, co xornal como centro de interese usado diariamente na clase, cun blog de aula como escaparate dos traballos que se vaian facendo ao longo do curso, e facendo uso dos recursos e actividades de desenvolvemento TIC, está orientado a funcionalidade das aprendizaxes e ao desenvolvemento persoal do alumno.



Os alumnos durante unha sesión de traballo coa *Voz de Galicia*. / C. L.



XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CENTRO

A diversidade humana e de recursos existentes no centro, fano especialmente adecuado para a integración e normalización dos alumnos e alumnas con discapacidade intelectual.

Ao mesmo tempo faise necesaria unha actuación intensa para que a Aula Específica non se converta en un reduto ao marxe do centro. As características desta son as seguintes:

- Contamos con alumnos con dous tipos de dictame de escolarización, unha modalidade de escolarización total en Aula Específica e outra de escolarización combinada Aula Específica-Aula Ordinaria. Os alumnos e alumnas que asisten á Aula Específica están escolarizados en 3º da ESO, aínda que a súa competencia curricular oscila entre Educación Infantil e Educación Secundaria Obrigatoria, dependendo das áreas de que se trate e de cada alumno e alumna. A Aula conta con Currículo Adaptado.

O alumnado suma unha totalidade de 536 alumnos e alumnas distribuídos en 39 grupos.

O claustro está composto por 64 profesores.

XUSTIFICACIÓN BASEADA NAS CARACTERÍSTICAS DOS ALUMNOS.

AVALIACIÓN INICIAL

Os alumnos e alumnas escolarizadas na Aula Específica teñen idades comprendidas entre os 15 e os 21 anos, límite legal para permanecer escolarizado nas ensinanzas de réxime xeral os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Todos eles padecen unha discapacidade intelectual que lles dificulta o acceso ao currículo ordinario; de aí o ditame de escolarización en Aula Específica e a necesidade de adaptar o currículo ordinario de xeito moi significativo.

Todos eles comparten un currículo adaptado que ten a característica de ser flexible, é dicir, que pode ser abordado por todos pero con diferentes graos de profundización e ao mesmo tempo está deseñado en espiral, traballándose en todos os niveis de competencia curricular os mesmos obxectivos pero ampliándoos a medida que se van acadando.

Ao mesmo tempo cada un deles conta con programas especiais dependendo das súas necesidades. Estes son os principais: Programa de Atención e Memoria, Programa de Articulación Fonética, Programa de Desenvolvemento da Psicomotricidade Fina e Programa de Habilidades Sociais



Os alumnos da AE integrados no grupo de redacción da revista *Entrepontes* coa que colaboran./ C. L.

Todos eles teñen necesidade de contar con medios tanto materiais como humanos altamente especializados para acceder ás aprendizaxes escolares. Na súa educación cobra unha importancia capital a integración social en tódalas súas vertentes.

Son 6 alumnos dos cales un ten a emisión e comprensión da linguaxe seriamente afectada, aínda que se mostra moi comunicativo e integrado cos compañeiros. No grupo atopamos os seguintes niveis de competencia curricular:

- **Nivel 1:** Un alumno con competencia curricular de Educación Infantil. Non le nin escribe, identifica as vogais e os números ata o 6. Graves problemas de linguaxe con vocabulario moi reducido.
- **Nivel 2:** Dous alumnos con competencia curricular de primeiro e segundo ciclo de Primaria dependendo das áreas de que se trate. Saben ler e escribir, aínda que

o fan con dificultade. Comprensión lectora baixa. Un atópase máis preto do ciclo inicial de Primaria e o outro máis cerca dos seus compañeiros do Nivel 3 nalgúns aspectos.

- **Nivel 3:** Tres alumnos con competencia curricular de Segundo e Terceiro Ciclo de Primaria. Bo nivel de lectura e escritura. Comprensión lectora, media.

Hai que ter en conta que o concepto de competencia curricular non é homoxéneo en tódalas áreas nin en tódolos alumnos, podendo un mesmo alumno pertencer a un ou a outro nivel dependendo das áreas de que se trate. Por exemplo un dos alumnos nas áreas instrumentais de lectura e escritura ten un nivel de competencia curricular de nivel 2, entre o primeiro e o segundo ciclo de primaria, mentres que na competencia social e cidadá alcanza niveles moito máis altos.

É importante tamén o que eu chamo o nivel de competencia global, non referida necesariamente ás aprendizaxes escolares senón á integración global de competencias de comunicación, de socialización e de autonomía persoal, o que capacita ao alumno para facer tarefas normalizadas de certa complexidade, independentemente do seu nivel de comprensión lectora e da súa escritura.

PRINCIPIOS EDUCATIVOS E DIDÁCTICOS

Os principios educativos que subxacen ao proxecto *Coñecendo a Nosa Vila* non son diferentes dos que teríamos en conta nun proxecto que fora dirixido a nenos e nenas sen discapacidade. Son os seguintes:

- **Constructividade e Interactividade.** A construción por parte do alumno das aprendizaxes necesita da súa implicación activa para darlle sentido e conectar o que xa sabe co coñecemento novo. A interactividade facilita esta construción obrigando ao alumno a contrastar información tanto cos seus compañeiros coma co profesor. Estes dous principios educativos teñen a súa manifestación funcional nos principios didácticos de:
 - **Aprender facendo**, para desenvolver competencias.
 - **Aprendizaxe Cooperativo**, porque está comprobado que os beneficios da axuda entre iguais non só alcanzan ao alumno que recibe a axuda, senón que tamén beneficia ao alumno que a presta [Webb (1981)]. Así mesmo, os efectos que este tipo de aprendizaxe ten no alumno van máis alá do desenvolvemento cognitivo, abarcando toda a personalidade: autoestima, habilidades sociais, resolución de conflitos, motivación, tolerancia... [Johnson e Johnson (1988)]. Tanto a formación en valores como a aprendizaxe significativa tamén parece que teñen un bo caldo de cultivo nesta metodoloxía.

Ademais do anteriormente sinalado, válido para calquera proceso de ensinanza–aprendizaxe, teremos en conta as necesidades especiais dos alumnos e alumnas da Aula Específica atendendo aos seguintes principios educativos:

- **Normalización:** procurando sempre achegalos o máis posible ao currículo ordinario e deseñando actividades susceptibles de ser implementadas en contornos normalizados de convivencia.
- **Integración:** buscando sempre que os alumnos non só compartan espazos e tempos no instituto, senón tamén actividades plenamente curriculares. Avanzando dende unha integración social cara a unha integración funcional.
- **Sectorización:** dotando dos medios técnicos e especializados necesarios para adaptar o currículo as necesidades dos alumnos co discapacidade así como de

recursos humanos con formación técnica e humana adecuada para cubrir as necesidades dos alumnos e alumnas con discapacidade.



FUNDAMENTACIÓN CURRICULAR

1. COMPETENCIAS BÁSICAS

Na educación dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais cobra máxima importancia o desenvolvemento de competencias. As competencias entendidas como a integración das aprendizaxes con aplicación funcional para a vida, para aprender a facer, a ser e estar en diversos grupos e situacións.

A través do “aprender facendo” cunha metodoloxía cooperativa co xornal como nexa de unión e centro de interese común a todos é máis doado alcanzar competencias que dun xeito illado e estanco.

Este proxecto prioriza as competencias de autonomía e iniciativa persoal e a competencia social e cidadá, aínda que incide dun xeito directo, polo tratamento globalizador da metodoloxía utilizada, en todas elas.

- Competencia en comunicación lingüística. As tarefas de identificar noticias no xornal, lelas, contarllas aos demais con palabras de cada un, compartir imaxes significativas cos compañeiros, comentar en grupo, elaborar preguntas conxuntamente para facer entrevistas, enfrontarse á tarefa de entrevista, informarse de temas do seu interese, comunicar sentimentos e emocións vividas así como describir por escrito experiencias vividas e comunicalas ao mundo a través dun blog de aula son actividades propias de desenvolvemento desta competencia.
- Competencia matemática. Co xornal podemos facer actividades de seriación e localización de noticias a través dos números de páxina, traballar os conceptos de antes e despois, tamaños e números respondendo a preguntas referidas ao tamaño da noticia e titulares, as relacións topolóxicas a través de preguntas referidas á posición das fotografías dentro das páxinas, conceptos como dereita, esquerda, arriba, abaixo son de aplicación práctica dentro da secuencia de actividades diarias: abrir o xornal, localizar unha páxina, localizar unha noticia... Nunha Aula Específica o xornal como ferramenta manipulativa tamén ten moitas posibilidades.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. Familiarizarse co uso diario do xornal ben a través da comprensión dalgunhas noticias de inte-

rés no caso dos alumnos que saben ler e escribir ou ben a través de identificar personaxes que se irán facendo familiares pouco a pouco, ou a través da páxina de pasatempos, cada un facendo un uso de acordo ás súas posibilidades facilita a interacción co mundo físico e a comunicación a través dun elemento normalizador. No caso dos alumnos que saben ler os beneficios multiplícanse porque se interesan por temas do seu contorno e aínda que non alcancen unha comprensión profunda da noticia si poden dicir “de que vai” e relacionalas con noticias da televisión e das persoas do seu contorno.

- Tratamento da información e competencia dixital. Neste proxecto utilizamos as novas tecnoloxías como instrumentos de desenvolvemento da intelixencia. Buscar información en Internet coma noticias na versión dixital do xornal, copiar imaxes da rede e levalas ao blog e editar unha entrada son actividades que dúas das alumnas fan con total autonomía. Os alumnos con máis dificultades manexan o procesador de textos introducindo palabras clave e facendo debuxos *online* axudados por aqueles que menos problemas presentan. O noso blog pódese ver en <http://blogs.prensaescuela.es/aulaespecificaiescsalberto/>

Contamos tamén con outro blog específico para a fauna e flora de Noia:

<http://blogs.voznatura.es/iescampo>

:


- Competencia cultural e artística. Tódolos traballos levan fotografías, todos dominan o manexo básico da cámara e os diferentes tipos de encuadre.
- Competencia social e cidadá. Adquirir competencias de comunicación, coñecer o entorno relacionándose con diferentes persoas do seu contorno, aprendendo a diferenciar diferentes contextos, tanto formais coma informais, axuda a desenvolver esta competencia.

Por outro lado, o principio de funcionalidade co que se traballa todo o currículo nunha Aula Específica está a desenvolver en tódalas áreas e de xeito transversal a competencia social e cidadá.

- Competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal. Competencia clave para a normalización da vida das persoas con discapacidade, a autonomía buscámola sempre a través de actividades de máis a menos dirixidas, intentando graduar e regular a axuda para avanzar cara a ela. Este proxecto clarifica moi ben a secuencia de actividades, que se repite tódolos días no mesmo orde

para conseguir finalmente que eles sexan capaces de anticipar e aplicar as estratexias adecuadas na súa execución. Por exemplo, a axuda necesaria na primeira parte do curso para entrar no blog cada un ca súa contrasinal, escribir e editar algún tipo de produción era total. A medida que avanzou o curso íanse automatizando algúns dos pasos ata que finalmente algúns dos alumnos xa conseguen facelo eles sos. Cun adestramento adecuado os resultados poden chegar a ser espectaculares.

A través do coñecemento da vila potenciase a confianza para poder facer recados solos, ir e vir ao colexio e desprazamentos cada vez máis autónomos buscando a autosuficiencia nas actividades da vida diaria.



2. OBXECTIVOS


OBXECTIVOS XERAIS

- **Atender** á diversidade: facilitando a participación activa de todo o grupo nun proxecto común, cada un facendo aportacións de acordo ás súas posibilidades.
- **Facilitar** a integración no instituto participando en un proxecto común como é a revista do centro Entrepontes.
- **Facilitar** a integración social no contorno inmediato da vila de Noia.
- **Dotar** de coñecementos funcionais en un dobre sentido: que sirvan para aplicar á vida diaria dos alumnos e que sirvan para compartir cos demais polo seu interese.
- **Desenvolver** as competencias básicas do alumnado da Aula Específica.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO

- Dotar ao alumno da capacidade de usar o xornal dixital e papel como medio de información das noticias da súa vila e como recurso de tempo e lecer.
- Potenciar a comunicación comentando as noticias do xornal cos demais.
- Falar con vocabulario axeitado dos acontecementos locais que aparecen no xornal.
- Mostrar interese polo que pasa na vila.
- Saber buscar as diferentes seccións no xornal: Barbanza, a sección do tempo e a páxina de pasatempos.
- Coñecer e apreciar a profesión de pintor a través da obra e persoa de Alfonso Costa.
- Coñecer e apreciar a profesión de cocineira a través da figura de Angelita das empanadas.
- Coñecer e apreciar a profesión de agricultora a través da figura de Ramoniña Pensado.
- Coñecer e apreciar a profesión de escritor a través do coñecemento da obra e persoa de Ana Romaní.
- Coñecer e acercarse á actividade de alcalde a través da entrevista con Rafael Guerrero.


- Coñecer os principais monumentos de Noia, nomealos e usalos como referencia para a orientación e a mobilidade autónoma na vila.
- Coñecer as diferentes árbores da alameda de Noia e as esculturas que a adornan por ser este un espazo habitual de lecer dos alumnos e as súas familias e amigos.
- Axudar a facelos conscientes da beleza da natureza da alameda cas súas árbores e xardíns para potenciar o respecto e coidado dela.
- Identificar os principais paxaros da ría polo seu nome para ampliar vocabulario e poder falar deles, posto que están presentes na súa vida cotiá.
- Capacitar para poder usar o ordenador de xeito autónomo e creativo. Tanto en actividades dirixidas de aprendizaxe como en actividades de entretemento e lecer e tempo libre.
- Editar no blog o resultado das investigacións.



3. CONTIDOS

O XORNAL

- Seccións do xornal.
- Partes da noticia, titular, subtítular, destacados e corpo.
- A portada.
- A sección do Barbanza, localización. Noia na prensa.



- A sección do tempo. Localización e interpretación.



- A sección dos pasatempos. Localización.

PERSONAXES IMPORTANTES

- Angelita das empanadas (der.).
- Ramoniña Pensado (abaixo).



- Alfonso Costa.



- Ana Romani



- Rafael Guerrero, alcalde de Noia.



PRINCIPAIS MONUMENTOS HISTÓRICO ARTÍSTICOS

- Igrexa de San Martín.
- Igrexa de Santa María a Nova.
- Igrexa de San Francisco.
- Pazo gótico (tasca típica)

ESCULTURAS

- Avilés de Taramancos.
- Felipe de Castro
- María Mariño

EDIFICIOS CIVÍS

- Casa do concello
- Biblioteca
- Teatro Coliseo Noela.

AS ÁRBORES DA ALAMEDA DE NOIA

- Catalogación: nome e características principais.



OS PAXAROS MÁIS ABUNDANTES EN NOIA

- Identificación e hábitat. Gaivota, corvo, pega, merlo, pomba, garza e garceta.



ACCIÓNS DE ACORDO CO PLAN LECTOR DO CENTRO

DO CONCRETO.....



Os alumnos da Aula Específica, despois de traballar co xornal na clase lévano para a casa onde unha vez mais será obxecto de atención e de tempo compartido creando deste xeito hábitos lectores na familia.

...AO VIRTUAL



ACCIÓNS DE ACORDO CO PLAN TIC DO CENTRO

O noso proxecto conta entre as súas ferramentas básicas de desenvolvemento coas novas tecnoloxías. Non só polo poder motivador que ten o uso e manexo do ordenador e Internet nos nosos alumnos e alumnas debido á súa condición de “nativos dixitais”, senón porque as actividades programadas a través do ordenador teñen un potencial de desenvolvemento da intelixencia do que carecen outras actividades máis tradicionais.

A través das novas tecnoloxías subsanamos un problema que teñen dende o meu punto de vista os programas tradicionais de desenvolvemento das funcións cognitivas básicas de atención e memoria e de desenvolvemento da intelixencia e que non é outro que soen

ser programas con actividades repetitivas sen ningunha significatividade para o alumno e descontextualizadas dos seus intereses.

A través do ordenador e o seu manexo podemos traballar a psicomotricidade fina (uso do teclado e do rato), a atención e a memoria (seguindo a secuencia de pasos para apagar e acender o computador, para entrar e buscar información a través de Internet, para enviar un correo electrónico, para entrar no blog coa súa contrasinal e editar unha entrada..). Todas estas accións están desenvolvendo a capacidade de recordo (memoria) e a atención dunha maneira moi motivadora debido á funcionalidade da actividade que sempre está orientada a un fin: buscar información, editar no blog ou escribir un texto. A isto podemos añadir o potencial motivador de ver editados en internet os seus traballos.

METODOLOXÍA

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Usaremos unha metodoloxía inclusiva, permitindo a participación de todos nun único proxecto, cada un facendo as súas aportacións segundo as súas capacidades.

Tamén globalizadora, non compartimentando as aprendizaxes, senón accedendo á información dun xeito global e funcional, con significatividade para o alumno, de tal xeito que cunha actividade estamos traballando varias áreas curriculares. O proxecto “Coñecendo A Nosa Vila” a través do xornal cumpre todos estes principios.

ACTIVIDADES CO XORNAL

As actividades están deseñadas tendo en conta os tres niveis de competencia curricular que hai na clase:

- **Nivel 1:** Un alumno con competencia curricular de Educación Infantil. Non pode escribir, identifica as vocais e os números ata o 6. Graves problemas de linguaxe con vocabulario moi reducido.
- **Nivel 2:** Dous alumnos con competencia curricular de Primeiro Ciclo de Primaria; Saben ler e escribir aínda que o fan con dificultade. Comprensión lectora baixa.
- **Nivel 3:** Tres alumnos con competencia curricular de Segundo e Terceiro Ciclo de Primaria. Bo nivel de lectura e escritura. Comprensión lectora, media.

ACTIVIDADES DISEÑADAS PARA O 1º NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR

- **1ª Actividade:** Identificación de vogais nos titulares das noticias do xornal. Rodear con cor
 - Azul as letras “a”
 - Vermello as letras “e”
 - Amarelo as letras “i”
 - Verde as letras “o”
 - Negro as letras “u”
- **2ª Actividade:** Identificación de sílabas iguais ao modelo nos titulares das noticias do xornal. (Escribimos enriba dos titulares as sílabas que queiramos traballar, cada unha con unha cor diferente): (ta), (ma), (pi)...



- **3ª Actividade:** Identificación de palabras iguais ao modelo nos titulares das noticias do xornal. (Escribimos enriba do titular as palabras que queremos que busque, (tu), (el), (por), (en), (un).
- **4ª Actividade:** Identificación de palabras iguais ao modelo no corpo da noticia. (Buscamos unha palabra que se repita varias veces na noticia e que sexa significativa para o alumno. Por exemplo “ría” e escribímola encima da noticia.
- **5ª Actividade:** Identificación de números nas páxinas do xornal. Rodear de azul o número 1, de verde o número 2, de amarelo o número 3, así ata o número que se considere.
- **6ª Actividade:** Identificación de animais no xornal. Cabalos, cans, gatos... Rodear cada un dunha cor diferente.
- **7ª Actividade.** Rodear de azul os homes que leven garabata.
- **8ª Actividade:** Rodear de verde as mulleres que leven saia.

ACTIVIDADES DESEÑADAS PARA O 2º NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR

- **1ª Actividade:** Identificación na sección do Barbanza das noticias onde apareza a palabra Noia nos titulares e subtítulos. Marcar cunha cruz vermella.
- **2ª Actividade:** Copiar no caderno os titulares e subtítulos das noticias onde apareza a palabra Noia.

- **3ª Actividade:** Ler en voz alta os titulares e subtítulos das noticias onde apareza a palabra Noia.
- **4ª Actividade:** Explicar cas propias palabras de que "fala a noticia".
- **5ª Actividade:** Facer un debuxo da noticia.



- **6ª Actividade:** Localizar no xornal unha páxina determinada, por exemplo L6, L4...
- **7ª Actividade:** Localizar no xornal a páxina do tempo e contestar as seguintes preguntas:
 - Que tempo anuncian pola tarde?
 - Que tempo anuncian para mañá?
 - E para pasado mañá?

ACTIVIDADES DESEÑADAS PARA O 3º NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR

- **1ª Actividade:** Identificación na sección do Barbanza das noticias onde apareza a palabra Noia nos titulares e subtítulos. Marcar con unha cruz vermella.
- **2ª Actividade:** Ler en voz baixa os titulares e elixir unha das anteriores noticias.
- **3ª Actividade:** Copiar a noticia con tódalas súas partes e contestar ás seguintes preguntas:



- Quen?
- Que?
- Onde?
- Cando?
- Como?
- Cando?
- Por que?

- **4ª Actividade:** Saír ao atril de aula e ler en voz alta a noticia para tódolos seus compañeiros.
- **5ª Actividade:** Desde o atril, explicarlle ao resto da clase cas súas palabras a noticia.
- **6ª Actividade:** Facer unha redacción sobre a noticia.
- **7ª Actividade.** Localizar no xornal *La Voz de Galicia* dixital a noticia, copiar a súa dirección URL e editala no blog de aula. Axuntar foto e enlace.

ACTIVIDADES TIC

- Creación de dous blogs de aula:
<http://blogs.prensaescuela.es/aulaespecificaiescsalberto/>
<http://blogs.voznatura.es/iescampo>
- Uso e manexo do procesador de textos.
- Edición de entradas de diferente complexidade e nivel de axuda no blog.

- Creación dunha conta de correo electrónico para cada un dos alumnos, para comunicarse entre eles e co profesorado.

ACTIVIDADES EXPERIENCIAIS

Este tipo de actividades son válidas para tódolos niveis de competencia curricular e teñen coma obxectivo que os alumnos e alumnas accedan á experiencia global de acercarse á dimensión humana dos personaxes que, ou ben se coñeceron a través do xornal coma o alcalde e Angelita Salgueiro, ou ben se coñeceron a través da introdución ao estudio, aprecio e coñecemento da súa obra, coma no caso de Alfonso Costa ou Ana Romaní.

Ao ser un traballo cooperativo, que se fai entre todos, cada un participa na medida que lle permitan as súas capacidades. No caso das entrevistas e de todas as subtarefas como a preparación das preguntas, transcricións, etc. o peso do traballo recaeu fundamentalmente nos alumnos de competencia máis alta, pero todos tiveron a oportunidade de vivir a experiencia “en vivo” e, moitas das veces, acompañados de alumnos doutras aulas do instituto como na visita que se fixo ao estudio de Alfonso Costa.



As entrevistas que se realizaron foron as seguintes:

- Entrevista a Angelita Salgueiro, máis coñecida en Noia por Angelita “das empanadas”.
- Entrevista a Alfonso Costa e visita ao seu estudio en Camboño.
- Entrevista a Ana Romaní na Tasca Típica de Noia, lugar do que fala a poeta como importante para a súa dedicación á poesía.
- Entrevista a Rafael García Guerrero, alcalde de Noia, na Casa do Concello.
- Entrevista a Ramoniña Pensado, agricultora tradicional noiesa.

RECURSOS ORGANIZATIVOS

Tódolos días a primeira hora da mañá o alumno ou alumna encargado esa semana vai buscar os xornais á conserxería.

Ás actividades deste proxecto dedicámoslle dúas horas diarias.

Primeiro traballamos a noticia de xeito individual e sempre se remata ca posta en común de todo o grupo, mediante a lectura en voz alta e sínteses da noticia cas propias palabras.

RECURSOS HUMANOS

- 6 alumnos de Educación Especial encadrados en 3º de ESO pero agrupados nunha Aula Específica.
- 2 mestras especialistas.
- Un profesor experto en bioloxía.
- Os personaxes seleccionados para participar no proxecto “Coñecendo a Nosa Vila” pola súa relevancia na vida social e cultural de Noia: Angelita Salgueiro, Ramoniña Pensado, Alfonso Costa, Ana Romaní e Rafael García Guerrero.
- Un xornalista, un pedagogo e un profesor que actuaron como formadores e asesores da profesora coordinadora a través de cursos e obradoiros ofrecidos polo programa Prensa-Escuela.

RECURSOS MATERIAIS

Ademais dos propios de calquera actividade de ensinanza -aprendizaxe:

- Xornal en formato papel e dixital.
- Cámara de vídeo.
- Gravadora.
- Cámara fotográfica.
- Proxector dixital e portátil.

RECURSOS ESPACIAIS

- Aula ordinaria.
- Aula de informática
- Biblioteca.
- Alameda de Noia.
- Casco antigo de Noia.

AVALIACIÓN

A avaliación realízase en tres momentos diferenciados:

Avaliación Inicial: Unha vez valoradas as características de partida, chegamos as seguintes conclusións:

É necesario deseñar actividades que promovan a participación do alumnado da aula específica en proxectos comúns co resto do alumnado. Avanzar da integración física cara a integración funcional.

É necesario dotar de funcionalidade as aprendizaxes que acaden. Unha funcionalidade para a vida diaria e para o desenvolvemento persoal.

É necesario desenvolver as competencias básicas a través de “aprender facendo”

Avaliación Continua: que se realiza en paralelo ao desenvolvemento do proxecto e nos permite adaptar obxectivos e actividades que non se adaptan ás capacidades dos alumnos. Facémola mediante a observación diaria. É inherente á aplicación do proxecto.

Avaliación Final: Que nos permitiu comprobar o grao de éxito para acadar os obxectivos do proxecto *Coñecendo a Nosa Vila*.

Para isto tivemos en conta os seguintes criterios de avaliación:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Nivel de satisfacción na realización de tarefas.
- Grao de desenvolvemento das competencias básicas.
- Grao de dominio das ferramentas TIC establecidas para cada nivel de competencia curricular.
- Grao de consecución de obxectivos propostos nas diferentes áreas.
- Grao de adquisición de coñecementos sobre a vila de Noia, a súa xente e o seu entorno.
- Grao de incidencia na integración dos alumnos en actividades normalizadas.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación sistemática.

- As actividades escolares de lectura: lectura silenciosa, lectura en voz alta e nivel comprensivo sobre textos significativos e atractivos para o alumno e alumna.
- As actividades escolares de escritura: copia, ditado e redacción.
- As actividades TIC propostas, grao de dominio.
- Cuestionario de autoavaliación.

TEMPORALIZACIÓN

O proxecto foi concibido para desenvolverse ao longo de todo o curso escolar.

Dedicación ao proxecto de dúas horas diarias, agás o venres que se lle dedicaron catro.

É un proxecto con ánimo de continuidade. A vila de Noia, o mesmo que calquera outro pobo ou cidade, é unha fonte inesgotable de contidos curriculares de tódalas áreas.



VALORACIÓN FINAL. INCIDENCIA NA PRÁCTICA EDUCATIVA

Aprender facendo facilita experiencias globais onde os alumnos poden explorar as súas posibilidades sen sentirse incapaces. Sempre hai unha maneira de participar, cada un facendo aportacións dependendo das súas posibilidades.

As novas tecnoloxías axudan ao desenvolvemento das competencias básicas dun xeito integrado e dinámico, atendendo moi eficazmente á diversidade, un dos maiores retos no sistema educativo e especialmente importante nunha Aula Específica . Por outra parte, as TIC tamén son instrumentos de gran utilidade para desenvolver as funcións básicas da intelixencia como son a atención e a memoria, unha das pedras angulares do traballo con alumnos como estes.

Aparte de eficaz e tremendamente motivador, este foi un proxecto que chegou a ser moitas veces verdadeiramente emocionante e intenso, non só para os alumnos senón tamén para os pais e as profesoras.

O desenvolvemento do proxecto conseguiu as seguintes melloras educativas:

- Introducción do traballo por proxectos na educación do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Integrar en un proxecto común de todo o centro a os alumnos e alumnas da Aula Específica.
- Introducción das TIC de xeito normalizado na Aula Específica
- Converter a educación destes alumnos en un traballo colaborativo onde participan dun xeito activo non só os profesores e alumnos se non tamén os pais e a propia comunidade, a través das persoas que entrevistaron. Creando lazos escola- familia a través dun traballo vivo e con un produto final no que todos se poden sentir protagonistas.
- Abrir a aula ao resto do instituto e a comunidade, enriquecendo os currículos con achegas do contorno físico, cultural e social.
- Conectar as aprendizaxes coa vida real.

Ademais de todo isto, tamén se conseguiu desenvolver as TIC na aula específica a través das seguintes actividades:


- Uso da web 2.0 a través dos blogues:
<http://blogs.prensaescuela.es/aulaespecificaiescsalberto>
<http://blogs.voznatura.es/iescampo>

- Uso normalizado do correo electrónico.
- Navegación por internet para buscar novas de Noia na versión dixital do xornal.
- Uso e manexo da cámara de fotos dixital. Edición

Non podemos esquecer tampouco a importancia de desenvolver as competencias básicas nos alumnos e alumnas con NEE nun contexto o máis normalizado posible. Ao ser este un proxecto no que se “aprende facendo”, intervindo na realidade, tamén foi especialmente valioso neste sentido.

O proxecto tal e como está concibido, cas novas de Noia no xornal coma eixe vertebrador foi especialmente valioso polos seguintes motivos:

- Actúa como instrumento normalizador. Porque se usa de xeito xeneralizado en diversidade de ambientes e lugares por persoas de toda orixe e condición.
- É de fácil manexo e acceso. Unha vez que o alumno comprende que hai información que sempre se repite, como a información do tempo, os pasatempos e as noticias locais, pode acceder a el de xeito espontáneo noutros contextos fóra da escola.
- Potencia a conversación espontánea, comentando temas do seu interese, así coma de personaxes coñecidos.
- Actúa coma unha medida de atención á diversidade, traballando todos co xornal pero con actividades diferentes.
- Esperta o interese por temas do seu contorno.



- Crea centros de interese arredor dos que se poden organizar as aprendizaxes. O caso do neno obeso de Ourense serviu no noso caso como centro de interese para traballar os alimentos saudables.
- As noticias que se repiten durante semanas arredor dun mesmo tema crean un interese e seguimento da noticia. O caso Alakrana, o caso do Neno Obeso de Ourense e a limpeza da ría de Noia foron temas que se seguiron ao longo de boa parte do curso.



RELACIÓN DE NOTICIAS DE NOIA POR SEMANA DE PUBLICACIÓN

As noticias sobre Noia foron recollidas diariamente polos alumnos e alumnas na súa libreta de aula e no blog <http://blogs.prensaescuela.es/aulaespecificaiescsalberto/>.


Ao finalizar a semana, os venres, editábanse todas xuntas. Por eso aparecen organizadas por semana e non por días.

Hai que ter en conta que o título da noticia que aparece no blog non corresponde co título exacto da noticia debido a que ás alumnas pedíase que lle puxera un título libremente.



No concello de Noia os alumnos entrevistan ao alcalde Rafael García. / S. C.

RELACIÓN DE ACTIVIDADES CO XORNAL NA AULA







Asamblea que el Proyecto 2131/2010

A LIMPEZA DA RIA

Partos se opone a la demolición de la escalera de la ria de Noia sorpresa, sorpresa. Laxnonta, a través de Partos de Galicia, dice conocer ayer que no está de acuerdo con el Proyecto de regeneración que tiene previsto ejecutar costas en la ria de Noia y que el principal frente, consiste en la retirada de la escalera. Desde el ente público que luego se mostraron contundentes y aseguraron que ese plan del Ministerio de Medio Ambiente no se llevará en absoluto al puerto. Es más, aunque no indicaron que medida van a tomar, sí dejaron claro con distintos argumentos que no concuerdan en absoluto con la actuación prevista que cuenta con la inversión presupuesta de 217 millones de euros.





Sopa de letras

T	A	B	P	C	A	E
O	C	E	E	I	A	O
M	O	R	L	O	G	O
A	V	E	A	L	V	C
T	E	R	D	I	A	O
E	R	I	M	C	E	D
R	Y	S	L	A	A	O
A	V	V	L	A	T	S
C	A	O	R	E	P	
A	A	N	G	O	T	

Agacate, ~~HAYO~~, ~~XL~~, ~~GRANADA~~
 ELADIDO, LIMA, COCO, YUCA,
 MATE, BERENGENA

Dibuja un mamoli moi grande



mamoli
 moi grande

NOIA NA PRENSA
 Pasal a dar en todo cosas sa
 salta de saber que pasara

NOIA NA PRENSA 25-02-2010
 Los amigos de la comunidad Casais,
 dijarada Martires regenta desde
 hace tres años el bar Sosias en la
 localidad de Noia tres dias antes
 arbitra inquearon al Noia en fondo
 Un lance de pasados partidos entre
 el Noia y el Labele f

NOIA NA PRENSA
O PARO

283 pasados cada dias 283 de mas
 << Esponaba el despido no habia
 trabaja en la constructora >>
 << A las diez de la mañana me dijera
 que era mi último día >> << Este un
 despido improvable me echaron por Polís las
 Noia NA PRENSA vacaciones >> << Tuve
 una empresa de casa de madera pero me
 espere 4 me queda sin nada >>

mb

Noia Na PRENSA 2/13/2010

NOIA NA PRENSA
 Nito Varela sa despidio el domingo
 del Banquillo de Santiago, el amigo
 bruto al Bantaballet (1-1) colista del
 grupo mara de presante s paso una
 mara de comarqua a 3 illas del extremo
 de Asado s que como así en pasu s
 tercera etapa en el club que daban
 Sabino Peamides terminos. Comento
 qson el preparador mianara qnisa a
 Palada Sarama habia anunciado
 los dirigentes que desina el mara
 equipo el Pose out boreo resaltandose
 pero tiñelle queda un tiempo a
 Para que mirase por un nuevo
 argumentos, Ricardo G. V. etos se
 coordinador del club

NITO VARELA
 mb

NOIA NA PRENSA

Festas de San Marcos
Gala de cantantes barcelonenses y
actuación estelar de Barnatán
La temporada de grandes citas felices
se abre este fin de semana en
Noia con el San Marcos. En el
variado programa de actividades des-
tacan dos citas de carácter musical:
la primera tendrá lugar mañana.
Se trata de una gala de artistas de
la Roma, en la que actuarán formos
Docampo, Chedra Resua, Javier Gó-
mez, Débora, Luis Feira, Inés,
Julioda Penas, Secho Barreiro y
Manuel Alsina. El concierto estelar
de las fiestas tendrá lugar en la
medianoche del sábado y correrá a
cargo de Timoteo Barnatán, más
conocido como Chucky, el personaje
al que encarnó Contesta:

¿Onde? en Noia para cantar
unha orquestra de San Marcos
de Noia por supuesto que si.

¿Quen? os artistas

¿Cando? o 25 de abril

id **SAN MARCOS**



¿Porque? Porque se celebramos a
sesta de San Marcos

Contesta:

1. Que forma ten a alameda?
Rectangular
2. Cantas palmeiras ten?
15 palmeiras
3. Cantos arcos ten en cada lado?
22 arcos
4. Cantos arcos ten entre os dous lados
44 arcos entre os dous lados

$$\begin{array}{r} 11 \\ 4 \quad 2 \quad 2 \quad 11 \\ \hline 44 \end{array}$$

5. Ponlle o nome as partes da árbore?



2. En Noia nunca constitúíase un museo / na antiga fábrica de castellos da chaizara.

2. Os comercios de Noia san a tempo proximo Nas compras do Nadal.

3. Oxa empia a semana musical de Noia no teatro Coliseo da Noia

Noticias do MUNDO

« Alakrana » Non son libre »
« Los vamos a comer a besos » dicen los mieres de los marineros gallegos que confiesan que todo transcurrió mas tarde »
« Los familiares misisimilas Sencibles en un aviam de la fuerza aérea » volveron a España con los tripulantes el viernes « el sábado » La ligada controló cómo los piratas desembarcaron del atuneros pero no los posesión

NOIA NA PRENSA

Festas de San Marcos
Gala de cantantes barbaqueiros y actuación estelar de Barnatán
La temporada de grandes citas felices se abre este fin de semana en Noia con el San Marcos. En el variado Programa de actividades desfilan dos citas de carácter musical: la primera tendrá lugar mañana. Se trata de una gala de artistas de la Noia en la que actuarán Formos D'os Campos, Chedro Resúa, Javier Gómez, Débora, Luis Feira e Iratxe, Julioda Pena, Sedro Barreiro e Manuel Alsina. El concierto estelar de las fiestas tendrá lugar en la medianoche del sábado y correrá a cargo de Jimmy Barnatán, más conocido como Chucky, o el personaje al que encarnó Contesta:

Onde? en Noia para cantar unha orquesta de San Marcos de Noia por suposto que si.

Quen? os artistas



Cando? o 25 de abril

id **SAN MARCOS**



Porque? porque se celebrou a festa de San Marcos



ALAMEDA



22 arces

15 palmeiras

22 arces

Contesta :

1. Que forma ten a alameda?

Rectangular

2. Cantas palmeiras ten?

15

3. Cantos arces ten en cada lado?

22

4. Cantos arces ten entre os dous lados?

44

22


+ 22

44


Colorea según as indicacións :
~~da~~ a copa da árbore verde
o tronco marrón
as raíces vermellas
as follas amarelas
as follas amarelas



Une con flechas e copia



Ana Romani é poeta
 Elda é profesora
 Rebeca é unha alumna
 Rebeca é unha alumna





COÑECENDO A NOSA VILA

ANEXO


M^a Josefa Lorenzo Torea

IES Campo de San Alberto

Categoría 2

Modalidade C

Atención á diversidade



**Traballos presentados
polo alumnado aos
premios de Prensa-
Escuela**

“Non hai segredo; o importante é facer unha masiña ben feita e darlle a volta”

Rebeca Abelleira Muñiz

NOIA I Angelita das empanadas é unha muller moi coñecida porque fai unhas empanadas moi boas e ven xente de todo o mundo aquí a comelas.

-Vostede, en que se considera pioneira?

-Nos meus traballos. Fun a primeira de Noia que fixo permanentes, e despois collín a máquina de tecer, que me custou 7.000 pesetas, e o meu pai levou un desgusto porque pensou que non sería negocio. Ao pouco compreí unha grande e ao pouco unha máis grande. Levábanme as chaquetas a moreas. Tamén fixemos xabón con sosa, brea e non sei que máis. E tamén andei ao estraperlo, vender cousas ás agachadas. Facíamos broa; vendíamos tamén pan de millo.



Angelita na Tasca Típica de Noia. R.A.

PERFIL

Ángela Salgueiro (Noia, 1920) fixo de todo na súa vida. Según ela foi estraperlista, que é alguén que vendía tabaco ou xabón despois da guerra, e tamén peluquera, e fixo tamén chaquetas cunha máquina antes de dedicarse ás empanadas. Empezou despois de morrerlle o marido e levávalas ao rei e ao presidente da Xunta, que xa llas sigue levando desde fai moitos anos.

Do estraperlo traíamos xabón, aceite, azucre... Traías de todo. Ías a Santiago, ás casas onde xa sabías que había cousas para distribuír. Dunha vez traíamos tabaco no Castromil e cos saltos da carreteira a caixa foise para atrás e viuña un Garda Civil, que preguntou o que traíamos, e o meu pai “untoulle” algo ao garda e deixounos pasar.

-Cando empezou a facer empanadas e por que?

-Empecei, xa morrera o meu home, cando a miña prima Pili pedíume que a axudara a facer as empanadas da casa para a festa. Fíxenlle as empanadas de raxo, como eu sei. De casualidade o Antonio, o practicante, veu onda min e preguntoume quen fixera as empanadas, que estaban demasiado boas e en Noia ninguén facía empanadas, e porque non as facía eu, e entón encargoume dúas para o día seguinte. E así empecei, e desde aquela, dúas empanadas por dúas empanadas, fixen empanadas para todo o mundo.

-E para quen fixo empanadas?

-Fíxenas para moitos, tamén para o Rei. Había aquí tropa traballando no Iroite e veu o Rei coa tropa a inaugurar, entón eu tiña un amigo que era o que levaba todo iso, e pedíume que fixera empanadas para a tropa e para o Rei. Para o Rei de pulpo e para a tropa de sardiñas, pero o Rei non a comeu porque lle deron tanto marisco que non puido comela.

-E as súas empanadas, por que son tan famosas?

-Iso non o sei, eu só sei como a fago: fago unha masiña moi ben feita e despois déixoa repousar e queda unha masa moi boa. Entón picas unha cebola ben picadiña, colles unhas xoubiñas, que non hai que limpalas, lávalas, pasas as ceboliñas nunha tixola cun pouquiño de allo e pemento doce e despois deixas que se faga por riba e por baixo e acabouse.

E despois faise empanada de raxo, de polo, de sardiña... A mellor que hai é a de raxo porque se fai coa graxa, non se bota aceite e a masa sae máis gustosa.

-Cal é a diferenza entre a empanada de Noia e as que fan noutras zonas de Galicia?

-Non sei, é unha cousa rara, a masa non é como a de aquí. Un home famoso de Ribeira, ese que saíu na televisión, unha vez que viña a súa muller a Noia a buscar uns traxes, probou un cacho e gustoulle moitísimo, e entón díxolle ao seu home que fora a Noia a buscar aquela empanada, e el veume preguntar que misterio tiña e díxenlle que non tiña segredo ningún. Ao fin preguntoume como facía a masa e entón dixo que ese era o segredo, pero eu penso que non ten segredo ningún. Non penso que teña moito mérito. Mérito tiña facer 300 empanadas para a festa; iso si.

-Cal é a empanada preferida e por que?

-Todas me gustan pero a de raxo está moi ben porque é moi gustosa, e a de bacallau tamén.

-Como e cando empezou a tradición de regalarlle unha empanada ao presidente da Xunta?

-Porque o presidente viña aquí pola festa e como vía as empanadas todas e sempre pedía catro ou cinco e a miña neta era concelleira e sempre estaba por alí... E a cousa empezou así e despois sempre lle levaba unha empanada de berberechos.

-Cal é a empanada de máis éxito entre a xente?

-Se non custara tantos cartos era a de vieiras.

“Financiamos servizos case únicos en toda Galicia coma o S.T.A.N.D. ou A Creba”

Javier Neo Dosil

NOIA I. O alcalde de Noia falou con nós de moitas cousas e do que hai no concello para nós.

-Que van poñer dentro do museo da Chaínza?

-Estamos adquirindo a propiedade e facendo o proxecto. Pretendemos poñer o conservatorio, salas de exposición e parte do patrimonio naval deste concello.

-Cando está prevista a apertura?

-Antes de 2 anos sería imposible abrir.

-Cando se vai a empezar a limpar a ría e canto tempo vai levar facelo?

-No 2011 estaría terminada a intervención na ría.

-Pensa que os paxaros coma as garzas e outros asustaranse e marcharan durante os traballos de limpeza da ría?

-Non, a intervención vai ser moi suave, precisamente pensando en preservar o hábitat, non só dos paxaros. Na zona do esteiro tamén temos unha xunqueira con londras e outros animais protexidos e é importante preservar o seu entorno.

-Coa axuda dos profesores de bioloxía estamos facendo unha catalogación das árbores da alameda, sabe se hai xa algún libro sobre isto?

-Non hai, e anímovos a ampliar o traballo a outros lugares do concello, coma San Francisco ou o xardín do Pazo do Marqués. Si se fixo un traballo no campo da feira e o parque de San Lázaro, onde se intentaba que as árbores foran autóctonas e temos placas identificándoas. Aquí tamén se vai repoboar a ribeira do río con fondos do plan E. Poñeranse especies autóctonas e marcaranse con placas tamén, para que os paseantes coñezan as árbores propias do noso país.

-Traballan moitos xardineiros coidando a alameda?

-Temos basicamente 4 persoas que se dedican ós xardíns de todo o concello, máis un có tractor, e que se centran moito na alameda, pero temos moitos espazos e polo tanto non se coidan tanto coma deberamos, por iso temos moitas árbores en mal estado.

-Parécelle importante coidar a natureza?

-Si, é moi importante que podamos ter na nosa vida a natureza próxima e, ademais, se non coidamos a natureza, o ser humano pode correr o risco de que este modo de vida que temos non poida seguir.

-Que significa para Noia ser declarada Vila do Libro?

-Nos nos autoproclamamos Vila do Libro pola tradición editora e literaria da vila de Noia, o concello ten editoras importantes, escritores e historiadores moi importantes, incluso dous autores, Antón Avilés de Taramancos e María Mariño, ós que se lle homenaxeou no día das letras galegas, por iso queremos potenciar a vinculación da vila cos libros.

-Gústalle ler?

-Si, moito.

-Porque lle regalan unha empanada ó presidente da Xunta, é unha tradición?

-Isto empezou sendo eu alcalde e sempre intentei que levara empanada de berberechos, unha de millo e outra de trigo e que sexa ó principio da campaña marisqueira, por dous motivos, os berberechos é un elemento moi importante na nosa vila, un terzo dos berberechos de toda España prodúcense na nosa ría e, cando se empeza a recoller, quitar unha foto co presidente da Xunta ten unha grande repercusión na prensa. E porque a empanada?, porque nos temos un produto que é a empanada de Noia e é de berberechos, cando ti pides nalgún lugar empanada de Noia, enténdese que é a de millo con berberechos, e de aí o importante da difusión e por iso buscamos esa foto coa entrega da empanada ó presidente.

-Pertencemos ó grupo de persoas con discapacidade, teñen algunha política no concello para axudarnos a encontrar traballo ó rematar o instituto?

-É complicado para o concello, nos temos un servizo, o S.T.A.N.D., que pagamos o 80% de axuda a nenos discapacitados. Agora tentamos crear un taller obradoiro, probablemente en Lousame e por outra banda colaboramos cá Creba non solo para rapaces con discapacidades senón con outros problemas para producir artesanía e que poidan vendela e autofinanciarse. É pouco o que facemos, aínda que este concello historicamente sempre tivo unha especial sensibilidade con este asunto e financiamos servizos casi únicos en toda Galicia coma o S.T.A.N.D. ou A Creba co que moitos noieses fan un esforzo importante.

-Cando descubriu que quería dedicarse á política?



O alcalde G. Guerrero no Concello. J. N.

Rafael García Guerrero é o alcalde de Noia polo PSdG-PSOE. É un home novo e tratounos moi ben na casa do concello cando fomos alí a preguntarlle pola limpeza da ría, polo noso proxecto das plantas da alameda e por si nos van botar unha man cando acabemos o instituto. Parece que si, que están por limpar a ría, por coidar as árbores e por axudarnos.

-Con 12 anos presenteime a representante aos consellos escolares, e foi cando por primeira vez tomei conciencia de que hai que participar nas cousas, e ten que haber quen represente ós demais diante dos colectivos e as institucións e é moi interesante participar na política, que non significa soamente querer ser alcalde, e estar nos colectivos, asociación e poder facer cousas para que o mundo sexa un pouquiño mellor.

No ano 95 decidín entrar nun partido político e con 24 anos decidín que quería ser alcalde, díxenllo ós meus pais e ríronse de mín.

-Cando non era alcalde a que se dedicaba?

-Eu fixen Físicas e estaba a facer a tesis doutoral en Química cando a plantei para presentarme a alcalde, e despois, cando deixei de selo, fun empresario ata que volví a ser alcalde.

-Que é o que máis lle gusta do seu traballo?

-O contacto coa xente, ó ser alcalde dache unha escusa para achegarte á xente, case podes entrar na casa de calquera, non é que entres sen ser invitado, pero hai xente que te chama e podes estar nun momento tomando café con calquera e aínda por encima podes intentar axudarlle e ás veces ata o consegues.

-E que é o que menos lle gusta?

-Cando non podes resolver os problemas, que sempre queres resolvelo todo pero loxicamente non podes.

-Cal é o seu monumento preferido de Noia?

-Probablemente Santa María A Nova e o seu entorno, o cemiterio máis antigo de España e probablemente o máis importante, pertence ó concello e é impresionante.

-De todos os logros conseguidos para Noia, de cal se sente máis orgulloso?

-Da ausencia de crispación na vila, que tivo moita polémica nos anos 90, e así é moi difícil mellorar o concello, cando estaba sempre no xulgado e perdendo moitos preitos, o grande logro é a tranquilidade e estabilidade que hai agora no pobo.

“Antes case non se sulfataba e collíanse unhas cousas marabillosas”

Sergio Caamaño Lema

NOIA I. Ramoniña é unha muller moi simpática e faladora. Según ela, leva toda a vida traballando na terra e as cousas cambiaron moito desde que empezou.

-Cando vostede era nova, como facían para cultivar?

-Pois nós labrábamos, gradábamos e sementábamos o produto coma o centeo, o trigo e as rabizas nas leiras. O xeito de



Ramoniña ao pé do hórreo. J. N.

botar patatas, por exemplo, empeza por labrar ben a terra, despois sementar as patatas, e despois gradar e achandar ben a terra. Unha vez feito isto pódense plantar chícharos e cousas desas.

-E xuntábanse os veciños, os familiares?

Íbamos ás sementeiras do centeo e do trigo, para botar o trigo. Despois mallábamos coa máquina de mallar. O labrador antes era así. Toda a vida foi así.

-E o de sementar os produtos como facían ?

-Pois vaise polas leiras, sementando cando é das aveas, que son as últimas en botar, ou coas patatas, que van ser pronto. Primeiramente hai que fresar e despois labrar, e despois a xente vai poñendo as patatas antes do arado e despois ven o arado labrando e outra persoa vai achandando a terra para que quede ben achandadiña.

-Pero antes non había tractores?

-Claro, pero antes era cos arados, e cun legón como este había que cavar a terra. Cavar a terra e ir poñendo as patatas e despois ir deixando a patata toda achandadiña, toda a terra achandada.

-Antes usaban cabalos, bois ou algún animal?

-Antes eran vacas. Bois entre nós non había. Cabalos, para facer o esterco da galiña e esas cousas.

-Tiñan algún sistema para conseguir máis produto, como por exemplo non usar unha leira seguido?

-Non porque se cambiaba de leira para que fora mellor a cousa. Porque si se sementa sempre na mesma non é o produto tan bo como cambiando. Hoxe botas nesta leira, mañán na outra, pasado na outra, para que sea a cousa mellor.

-E que tipo de abono usaban para cultivar?

-Nós usabamos o esterco, pero da praia tamén argazo había xente que lle botaba, pero nós non. Nós botábase esterco da cuadra, extendíamolo moi ben extendido e despois labrábamos. E pra botar o millo igual. Agora hai tractores pero antes era igual. Eu labraba co arado de madeira e co de ferro xa labrei algunha vez, moi de rapaza nova. Eu xa empecei desde pequeniña aínda que tamén fun á escola. Meus pais aínda me pagaron unha escola particular para sequera saber algo. Iba a Noia e levaba o leite de paso. E así traballando toda a miña vida, e agora teño 87 anos e sigo traballando igual. Toda a miña vida traballando.

-E como facían coas sementes?

-Deixábase dun ano pra outro. Agora cómpranse, pero antes desgomábanse na baixa da luna. Despois agomábanse para ir poñendoas. Dun ano pra outro valían. Pero agora non, porque agora cómpranse. Agora cóllese moito de todas as cousas porque son as cousas máis modernas todas.

-Como facían para que non collese peste?

-Botábase sulfato, sulfatábase así un pouco, pero non tanto como agora. Ademais non había tanta peste como hai agora, que xa case non se sulfataba nada e collíanse unhas cousas marabillosas. Pero agora todo está contaminado non sei de que.

PERFIL

Ramona Pensado Pumar naceu na aldea de Becollo na parroquia de Argalo en Noia fai case 88 anos. Leva toda a vida traballando no campo e sabe moitas cousas do millo, das patacas e de todo o que dea a horta. É moi faladora e gústalle moito explicarnos todo o que fai co legón que ten na man. Tamén ten un sombreiro grande dos que levan as mulleres de aquí.

-E vostede cre que a calidade do produto de antes é como o de agora?

-Coller cóllese máis agora que antes.

-E á calidade pensa que é a mesma?

-A calidade tamén cambia porque para que aumente ten que ser mellor ca antes, pero agora non sei por que é pero as cousas veñen máis rápido.

-Vostede cre que por exemplo que algunhas enfermidades que teñen as persoas se deben aos sulfatos?

-Pois iso eu non o sei, non o estudiei. Pero algunha cousa inflúe porque agora hai enfermidades que antes non existían. Pero antes tamén había: un ataque cerebral, do sarampón tamén se morría. Pero hoxe desas cousas non se morre, mórrese doutras.